



iniciativas no rural galego



Iniciativa	<b>Racataplán</b>
Enderezo	Viana do Bolo, Ourense
Web	<a href="http://www.racataplan.com">http://www.racataplan.com</a>
E-mail	<a href="mailto:info@racataplan.com">info@racataplan.com</a>
Persoa de contacto	Marián Salgado
Fórmula xurídica	Autónoma



#### concepto

Roupa saudable para nenos que se moven



#### tecidos ecolóxicos

Tócache decidir. Se inda non tes claras as diferenzas, neste apartado axudámote a comprendelas.



#### certificacións

Tecidos 100% certificados



#### feito na galiza

Deseñados e producidos no rural galego por mulleres que coidan o detalle en cada peza.

## A experiencia

Racataplán é unha iniciativa de autoemprego no sector da confección, baixo criterios ecolóxicos e con deseños orixinais pensados para a comodidade dos nenos e nenas de 0 a 3 anos.

É unha iniciativa persoal que conta con colaboracións para deseños de estampados ou confección. Ademais de vender a través da web, os seus produtos poden adquirirse en pequenas tendas especializadas.

A estratexia de mercado é a diferenciación, polo carácter xusto e ecolóxico da produción e polo deseño innovador. A imaxe, o empaquetado e a transmisión dos valores diferenciais dos produtos e do proxecto son elementos destacables nesta iniciativa.

## As orixes

De orixe urbana, a promotora desta iniciativa reside no rural pola situación laboral da súa parella. Traballadora social de formación, tivo traballo en Viana do Bolo, pero foi despedida, coincidindo coa súa maternidade.

Dadas as baixas oportunidades de emprego no rural, decidiuse polo autoemprego. A través de internet recibiu formación en patronaxe e escalado de prendas, sector no que xa tiña coñecemento por tradición familiar. Tamén buscou información sobre empresas provedoras, normas de etiquetaxe, contabilidade e contactou con outras iniciativas no ámbito do comercio responsable no sector da confección.

En 2013 lanzou a súa primeira colección de pantalóns. Na actualidade ampliou a produción a outras prendas infantís.



## Recursos

O negocio desenvólvese desde a súa propia casa, aproveitando ao máximo as potencialidades da internet, tanto para a venda como para a formación, busca de información e mantemento de contactos con empresas provedoras e persoas colaboradoras.

Tamén valora a boa comunicación por estrada, pola proximidade a autopistas e a accesibilidade á cidade de Ourense, a onde se despraza para a oferta de lecer e cultura que non atopa en Viana.

O investimento é pequeno e non contou con axuda externa para levar a cabo o proxecto, que vai facendo pouco a pouco. Si contou con apoio e asesoramento de persoas con traxectoria na confección baixo criterios ecolóxicos e responsables.

## O territorio

Viana do Bolo sitúase nunha área interior e de montaña, na provincia de Ourense, moi próxima a León. Presenta un acentuado declive demográfico e unha estrutura demográfica de pirámide invertida, cun índice de envellecemento do 384,8 (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe).



## Impactos



### Territorio intelixente

A busca de elementos de valor engadido, como os deseños e o coidado da imaxe de produto, así como o valor social e ambiental son as características diferencias deste proxecto de autoemprego no sector da confección. É unha proposta innovadora nos propios deseños e no modelo de negocio.

### Territorio inclusivo

A falta de oportunidades laborais, máis acentuada para o caso das mulleres, é superada a través deste proxecto que apenas acaba de comezar en 2013 e que vai consolidándose de forma progresiva.

### Territorio sustentable

O carácter ecolóxico da roupa infantil elaborada por Racatoplán é un sinal de diferenciación e calidade. A utilización das TIC e as infraestruturas viarias permiten desenvolver esta actividade en calquera lugar do territorio, incluída a montaña interior.